

Información da OMIC do Concello de Ponteareas á cidadanía

O R. Decreto -Lei 8/2020, de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, adopta unha medida dirixida a asegurar a protección dos debedores hipotecarios que se atopen nunha situación de vulnerabilidade e que entrou en vigor o 18 de marzo de 2020.

- Na referida lei, na exposición de motivos, declara de especial importancia garantir o dereito á vivenda aos debedores hipotecarios en situación de especial vulnerabilidade que vexan reducidos os seus ingresos como consecuencia da crisis sanitaria do COVID-19.

Nos art. 7 ao 16 establece as medidas para procurar a moratoria da débeda hipotecaria para adquisición de vivenda habitual dos que padecen extraordinarias dificultades para facer o pago das cotas como consecuencia da crisis do COVID- 19.

- Ámbito de aplicación. Contratos de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria cando o debedor se encontre nos supostos de vulnerabilidade económica establecida no R.D. lei 8/2020 e vixentes a 18 de marzo de 2020.

- Son supostos de vulnerabilidade económica a consecuencia da emerxencia sanitaria polo COVID-19:

Que os ingresos da unidade familiar do debedor hipotecario non superen no mes anterior á moratoria 3 veces o IPREM (1613,52 €), aínda que esa cantidade se pode incrementar polo número de fillos, minusvalía ou persoa maior de 65 anos, podendo chegar a ser 5 veces o IPREM. (2682,20 €)

- No caso de autónomos ou profesionais as vendas tiveron que ter unha caída como mínimo do 40%.
- O esforzo da carga hipotecaria sobre a renda familiar se multiplique cando menos por 1,3.
- Que a cota hipotecaria, máis gastos e subministracións básicas resulte superior ao 35% dos ingresos da unidade familiar.

- As condicións económicas acreditaranse cos seguintes documentos:
 - .En caso de desemprego, certificado expedido pola entidade xestora das prestacións indicando a cantidade mensual que se perciba.

 - .No caso de cese de actividade (autónomos ou profesionais), certificado da AEAT ou organismo competente na Comunidade Autónoma.
 - . Libro de familia ou certificado de parella de feito.

 - .Certificado de empadramento dos membros da vivenda desde os seis meses anteriores ata a presentación dos documentos.

 - .Certificado de discapacidade, dependencia ou incapacidade permanente.

 - .Sobre a titularidade de bens, nota simple do Rexistro da Propiedade de todos os membros da unidade familiar.

 - . Copia das escrituras de compravenda e préstamo da hipoteca, aínda que estas xa as teña a entidade.

 - .Declaración Responsable do debedor conforme cumpre os requisitos do R. Decreto – lei 8/2020.

- Prazo para a solicitude: desde o 19/3/2020 ata 15 días despois da vixencia do R. Decreto -lei 8/2020.

- Solicitada a moratoria, a entidade procederá á súa aplicación nun prazo máximo de 15 días e a entidade comunicará ao Banco de España a súa existencia e duración.

- A solicitude compre a suspensión da débeda hipotecaria durante un prazo estipulado na mesma. Durante este período a entidade non poderá esixir o pago da cota hipotecaria, nin amortización de capital ou xuros ordinarios , nin xuro moratorio.

- Informar á veciñanza que o R. Decreto -Lei foi publicado con urxencia e precisa da publicación dun novo regulamento que especifique mellor algúns artigos da publicación, que deixa a súa interpretación en mans da entidade. Mais existen normas desde fai anos para protexer aos debedores hipotecarios sen recursos e que se informará desde a OMIC á veciñanza dos requisitos e,

dependendo do caso, se poden acollerse aos distintos supostos contemplados na normativa.

Concello de Ponteareas. Concellería de Saúde e Consumo.

O.M.I.C. Tfno: 986.640.000. Ext: 6. email: omic.ponteareas@xunta.gal